

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

Resolución do 11 de decembro de 2008 pola que se regula a tarxeta acreditativa do persoal da inspección da Consellería de Vivenda e Solo.

A Lei 4/2003, do 29 de xullo, de vivenda de Galicia, no seu artigo 1, dispón que esta lei ten por obxecto e finalidade regular na Comunidade Autónoma de Galicia a protección dos dereitos dos adquirentes ou usuarios en materia de vivenda e o réxime sancionador por infraccións en materia de vivenda. Configúrase a inspección como a actividade que os órganos administrativos competentes en materia de vivenda teñen que realizar coa finalidade de comprobar que as actuacións dos particulares se axustan á legalidade, previo ao exercicio da potestade sancionadora.

Así mesmo, en virtude do Decreto 506/2005, do 22 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo, quedaron atribuídas á Dirección Técnica de Xestión Patrimonial, a través do seu Servizo de Inspección, as competencias autonómicas no ámbito das funcións de planificación, dirección, coordinación e inspeccións das ocupacións, usos e transmisións nas vivendas de promoción pública e locais propios do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante IGVS); a inspección para verificar o cumprimento da normativa reguladora do uso e transmisión das vivendas con protección pública ou libres de promoción privada; efectuar as inspeccións relativas a non pagamentos de morosos e propoñer as resolucións que procedan en relación coas denuncias efectuadas ou as inspeccións feitas.

O artigo 59 da Lei 4/2003, do 29 de xullo, de vivenda de Galicia, confírelle ao persoal adscrito á inspección, no exercicio das súas funcións, a consideración de axentes da autoridade, establecendo que as funcións inspectoras co fin de comprobar e investigar o exacto cumprimento das obrigas establecidas na lei correspóndenlle ao Instituto Galego da Vivenda e Solo. Os inspectores deste organismo desenvolverán as tarefas de inspección necesarias ao respecto e as actas que redacten gozarán da presunción de veracidade.

Para tal efecto, faise necesaria a expedición da oportuna acreditación oficial en que conste de maneira expresa e clara a condición de persoal da inspección.

O Decreto 506/2005, do 22 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo, establece no seu artigo 4 que o/a presidente do IGVS será o/a conselleiro/a de Vivenda e Solo, quen desempeña a representación oficial deste.

Na súa virtude, e en uso das competencias como presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo

DISPÕÑO:

Artigo 1º.-*Credencial do persoal da inspección.*

1.1. O persoal da Inspección do Instituto Galego da Vivenda e Solo acreditará a súa condición no desenvolvemento das súas funcións inspectoras establecidas pola Lei 4/2003, do 29 de xullo, de vivenda de Galicia.

1.2. A acreditación consistirá na presentación, cando o considere conveniente e, en todo caso, cando sexa requirido pola persoa a que se dirixa, da tarxeta de identificación regulada nesta resolución.

1.3. A tarxeta de identificación é un documento público, persoal e intransferible, que acreditará os inspectores e inspectoras no exercicio das funcións que legalmente teñen encomendadas.

Artigo 2º.-*Tarxetas de identificación.*

2.1. As tarxetas de acreditación ou identificación do persoal da inspección teñen a consideración de documento público expedido polo Instituto Galego da Vivenda e Solo.

2.2. A confección ou utilización da devandita tarxeta por persoa non autorizada dará lugar á exixencia da correspondente responsabilidade legalmente establecida.

2.3. A tarxeta de acreditación expedirase con suxeición ás características e modelo que se recolle nesta resolución.

Artigo 3º.-*Expedición e retirada da tarxeta.*

3.1. As tarxetas serán expedidas polo director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo ao persoal funcionario que teña encomendadas as funcións de inspección.

3.2. O titular da tarxeta procederá á súa inmediata devolución no momento do seu cesamento no posto de traballo, así como no suposto de caducidade, de acordo co establecido no artigo 6 desta resolución.

3.3. A Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá requirir a devolución da tarxeta en calquera momento aínda que non concorra ningún dos supostos indicados no punto anterior.

Artigo 4º.-*Número e rexistro da tarxeta.*

4.1. O persoal da inspección quedará identificado mediante un número de credencial que será persoal e intransferible e que constará como dato identificador en todas as actuacións que desenvolva no exercicio das súas atribucións.

4.2. O servizo de inspección levará un libro de rexistro de tarxetas de identificación do persoal da inspección, no cal figurarán os datos identificadores deste e a data de expedición e retirada das tarxetas.

Artigo 5º.-*Características.*

A tarxeta de identificación do persoal da inspección de vivenda é de cor branca e ten unhas medidas de 85x54 mm, e levará no anverso os seguintes datos:

-Identidade corporativa da Consellería de Vivenda e Solo e do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

-Fotografía en cor de 21x28 mm.

-Texto:

Nome e apelidos do inspector ou inspectora.

Inspección de vivenda.

Nº de identificación.

-Data de expedición e de caducidade.

-Sinatura e selo do director ou directora xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Artigo 6º-*Período de validez.*

6.1. O prazo de validez das tarxetas de identificación será de 4 anos.

6.2. A expedición das novas tarxetas de identificación levará consigo a retirada das actualmente en vigor.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo para adoptar as medidas necesarias para o desenvolvemento e execución desta resolución.

Segunda.-Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2008.

Teresa Táboas Veleiro
Presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

Resolución do 5 de decembro de 2008, da Dirección Xeral de Transportes, pola que se publican as subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 6 de xuño de 2008 (Diario Oficial de Galicia número 114, do 13 de xuño), pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para a dotación de instalacións para a formación no ámbito do transporte por estrada, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.

Por medio da Orde do 6 de xuño de 2008, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes convocou subvencións para a dotación de instalacións para a formación no ámbito do transporte por estrada en Galicia.

Unha vez rematada a tramitación de todas as solicitudes que se presentaron, e en cumprimento do artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia, debe dárseles publicidade ás subvencións concedidas.

En consecuencia,

RESOLVO:

Publicar como anexo as subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 6 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para a dotación de instalacións para a formación no ámbito do transporte por estrada, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2008.

Mar Chao López
Directora xeral de Transportes

ANEXO

Subvencións concedidas a asociacións profesionais de transportistas ou de empresarios de actividades auxiliares ou complementarias do transporte, ou ás federacións destas para a dotación de instalacións para a formación no ámbito do transporte para o ano 2008 (aplicación orzamentaria: 2008.08.04.512A.781.0)

Denominación da asociación ou federación	Importe outorgado	Obxecto
1. A.P. de Servicios Discrecionales de Viajeros de A Coruña	1.158,37 euros	Equipamento para as instalacións da asociación na rúa Fernando Macías, 3-5-1º A (A Coruña)
2. Asociación de Empresarios de Transporte de Mercancías de Ourense (Aetrans)	5.063,55 euros	Equipamento para as instalacións situadas na rúa Rosalía de Castro, 6 (Ourense)
3. Federación Galega de Transporte de Mercadorías (Fegatramer)	4.562,71 euros	Equipamento para as instalacións situadas en lg. Vilar de Calo, s/n (Teo)
4. Asociación P. Empresarios de Transporte Frigorífico y de Mercancías de Pontevedra (Atefrimer)	13.392,67 euros	Adecuación das instalacións situadas na rúa Celso Emilio Ferreiro, 9 (Vigo)
5. Asociación Empresarial de Alquiler de Vehículos con y sin Conductor (Galeval)	13.119,90 euros	Reformas varias nas oficinas da asociación na rúa Raxeira, 50 (Santiago de Compostela)
6. Asociación de Empresas de Transporte de Mercancías por Carretera (Apetamcor)	100.049,56 euros	Acondicionamento das instalacións situadas no polígono de San Cibrao das Viñas, rúa 7b (Ourense)
7. Asociación de Empresarios de Transportes Discrecionales de Mercancías (Tradime)	100.621,46 euros	Adecuación da nave industrial do polígono do Ceao, rúa das Cesteiras IN-F (Lugo)
8. Asociación de Empresarios de Transportes Discrecionales de Mercancías de Pontevedra (Asetranspo)	162.031,78 euros	Adecuación das instalacións situadas na estrada Provincial 114 baixo (Vigo)
Total:	400.000,00 euros	